

## Eleixida a xunta directiva definitiva da «Asociación de Escritores en Lingua Galega»

- *Bernardino Graña será o presidente e Carlos Casares o vicepresidente*

SANTIAGO (Da nosa Delegación).— No decurso dunha assemblea celebrada onte pola tarde no Museo do Pobo Galego, en Santiago, unha trintena de escritores presentes procederon a eleixir a xunta directiva definitiva que rexirá a marcha da Asociación de Escritores en Lingua Galega nos próximos dous anos. Este período comenará a contar a partires da notificación definitiva da legalización dos estatutos aprobados pola assemblea no seu día, cousa que está a punto de ser realidada.

O presidente da Asociación será o poeta Bernardino Graña, e como vicepresidente actuará o escritor Carlos Casares. Será secretario o tamén poeta Alfonso Pexegueiro e como teso-reiro actuará o escritor Xoan Ignacio Taibo. Serán vocales: Salvador García Bodaño, Paco Martín e Luis Alvarez Pousa, escritores os tres.

Ratificáronse así nos seus cargos os que viñan formando parte da xunta directiva provisional desde a aprobación dos estatutos.